

Podedes comezar o tema da primavera con :

- Unha conversa c@s ne@s para que conten o que saben sobre a primavera ( que ocorre, que cambios se producen no tempo, na paisaxe, nos animais...etc). Podedes recoller nun folio os seus coñecementos previos)
- Visionado do vídeo : <https://www.youtube.com/watch?v=kwCnBYs2QvA>

“Llegó la primavera- la primavera de Vivaldi “

(escoitamos a música e analizamos os contidos que nel se traballa) e poden facer un debuxo tras o visionado.

- Recitamos a poesía da primavera

PARA, PRE, PRI A PRIMAVERA ,A PRIMAVERA

PARA, PRE , PRI A PRIMAVERA XA ESTÁ AQUÍ

PARA, PRE, PRI MEDRAN AS FLORES, CANTA OS GRILOS

PARA, PRE , PRI HAI VOLVORETAS NO MEU XARDÍN

- Colorear as letras que compoñen a palabra primavera ( atópanse ó final ) . Cada día podedes colorear unha letra e escribir algo representativo sobre ela (os de 3 unha palabra, os de 4 dúas ou tres palabras e os de 5 anos una frase. Ex: 3 anos: paxaros, 4 anos: Os paxaros regresan, 5 anos: os paxaros regresan e forman os seus niños) Todas estas letras podedes empregalas para o título do voso mural. Se non tedes a posibilidade de imprimir ( podedes facer as letras grandes nun folio, que @s nen@s as recorten e decoralas con ideas sobre a primavera con axuda de panfletos, revistas, pegatinas,etc. )
- Iniciar a creación dun mural sobre a primavera ( empregando todo o que se vos pase pola imaxinación , debuxos, texturas, pinturas, estampado, recortado...)



















